

ANEXO I NORMAS QUE REXERÁN O PROCESO ELECTORAL

1.- Censo electoral.

1. O censo electoral está conformado por todas as comunidades galegas que estean recoñecidas e figuren inscritas no Rexistro da Galegitude no día da convocatoria. Este censo reflicte as comunidades galegas por países ou comunidades autónomas, segundo as seguintes áreas xeográficas:

- a) España.
- b) Resto de Europa, África e Asia.
- c) América e Oceanía.

2. Serán elixibles as comunidades galegas que presenten a súa candidatura, cada unha para a súa área xeográfica, segundo as normas que figuran no Decreto 111/2015, do 6 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Consello de Comunidades Galegas e aquelas outras disposicións que, para o caso, dite a Comisión Electoral.

As candidaturas estarán expostas no taboleiro de anuncios oficial do XIII Pleno do Consello de Comunidades Galegas nas horas establecidas para estes efectos pola Comisión Electoral. Tamén poderán ser consultadas polas persoas participantes no proceso electoral, logo da súa acreditación, na Secretaría Técnica do pleno.

2.- Representación.

A representación de cada comunidade galega nos distintos actos relacionados co proceso electoral corresponderalle, en exclusiva, á persoa que a represente legalmente debidamente acreditada para a súa participación no XIII Pleno do Consello de Comunidades Galegas.


3.- Comisión electoral.

3.1. Composición:

Presidente: Antonio Rodríguez Miranda, secretario xeral da Emigración

Vogais:

- M. Luz Suárez Mosquera, xefa do Servizo de Promoción das Comunidades Galegas
- José Manuel Rodríguez Martínez, xefe do Servizo de Xestión Económica e Réxime Interior
- Iván Rodríguez Fos, xefe do Servizo de Xestión Orzamentaria e Réxime Interior



Secretaria: Isabel Martínez Pellicer, subdirectora xeral de Relacións coas Comunidades Galegas

Vogais suplentes:

- -M^a Lorena Antelo Romero, subdirectora xeral de Coordinación Administrativa, Económica e de Programas Sociais.
- -M^a Begoña Solís Domínguez, subdirectora xeral do Retorno.
- -María Diz Rodríguez, xefa do Servizo de Programas Sociais.

3.2. Funcións da Comisión Electoral:

Segundo o disposto no artigo 41.2 do Decreto 111/2015, do 6 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello de Comunidades Galegas, a Comisión Electoral terá as seguintes funcións:

- Garantir e velar polo bo desenvolvemento do proceso electoral conforme aos principios de publicidade, libre participación, igualdade, obxectividade e sometemento ás normas establecidas.
- Establecer e facer públicas as normas, follas de presentación de candidaturas e papeletas de votación que rexerán o proceso electoral, así como os horarios deste, e dispoñer os medios axeitados para o seu correcto desenvolvemento.
- Dirixir o proceso de votación mediante a constitución da Mesa Electoral.
- Levantar acta e trasladar o resultado do proceso de elección ao presidente do Consello de Comunidades Galegas.

- Dirimir e adoptar as resolucións que correspondan en relación ás reclamacións presentadas no proceso electoral e resolver calquera dúbida ou incidencia que puidera presentarse durante este.

4.- Presentación de candidaturas.

A presentación de candidaturas formalizarase ante a secretaría do Consello de Comunidades Galegas no prazo e na forma establecidos pola Comisión Electoral.

A presentación da candidatura no modelo oficial aprobado pola Comisión Electoral, correspóndelle, exclusivamente, á persoa que legalmente represente a cada comunidade galega e que estea debidamente acreditada para participar no XIII Pleno do Consello de Comunidades Galegas.

Non serán admitidas follas de candidaturas distintas ás proporcionadas para estes efectos pola Comisión Electoral ou nas que a comunidade proposta non forme parte da acta de comunidades galegas representadas, realizada pola secretaria do XIII Pleno do Consello e feita pública no taboleiro de anuncios. Así mesmo, rexeitaranse as follas de candidaturas nas que figuren máis dunha comunidade ou as que non estean debidamente cubertas pola persoa representante da comunidade galega acreditada no Pleno.

A Comisión Electoral fará pública, no taboleiro de anuncios do pleno e segundo o horario establecido para os efectos, a acta na que figuren as candidaturas presentadas e as admitidas para participar como elixibles segundo as áreas de elección. Tamén poderá ser consultada polas persoas participantes no proceso electoral, logo da súa acreditación, na Secretaría Técnica do pleno.

5.- Mesa electoral.

Estará composta por dúas persoas funcionarias designadas pola persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración e por unha persoa representante das comunidades galegas por cada unha das áreas xeográficas.


O acto de elección de representantes das comunidades galegas por cada unha das áreas xeográficas e de suplentes, realizarase o día 7 de setembro de 2023, as 10:00 horas, na sede da Secretaría Xeral da Emigración (Basquiños,2, 15781.

Santiago de Compostela). Elixiranse tres representantes suplentes para cada unha das áreas xeográficas.

A acta da elección publicarase na páxina web e notificarase a aquelas entidades que resultasen elixidas como titulares e suplentes.

Non poderán formar parte da mesa electoral representantes de comunidades galegas que presentaran a súa candidatura para ser electas e lles fora admitida.

6.- Ponderación e determinación do voto.



Segundo o establecido no artigo 37 do Decreto 111/2015, do 6 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Consello de Comunidades Galegas, o número de votos que lle corresponde a cada comunidade galega acreditada para participar no proceso de elección na súa condición de electora, establecido polo órgano competente en materia de emigración, farase público no taboleiro de anuncios oficial do pleno como parte da acta de comunidades representadas.

Para determinar o número de votos que lle corresponden a cada comunidade galega, adoptaranse os datos de nº de persoas socias que figuran no Rexistro da Galeguidade na data do 21 de agosto de 2023 e os últimos datos oficiais publicados polo INE correspondentes ao PERE (1 de xaneiro de 2023) e ao Padrón Continuo (1 de xaneiro de 2023).

7.- Votación.

O sistema de elección será o de listas abertas e serán elixidas de entre as candidatas de cada área xeográfica, catro representantes, unha por país ou comunidade autónoma e dúas suplentes.

A votación realizarase, exclusivamente, coas papeletas oficiais nas que se terá en conta o número de votos segundo a ponderación realizada para cada comunidade. Para asegurar a confidencialidade do voto e a axilidade no proceso de recuento, as papeletas terán un valor distinto segundo o nº de votos de cada entidade.–A secretaria da Comisión Electoral proporcionará a cada unha das persoas representantes das comunidades que figuren na acta de



comunidades galegas representadas no XIII Pleno do Consello de Comunidades Galegas as papeletas que correspondan á súa comunidade.

Nas correspondentes papeletas de votación, segundo o voto ponderado, cada entidade electora poderá designar ata catro comunidades de entre as candidatas da súa área xeográfica e só unha por cada país ou comunidade autónoma.

Cada representante dunha comunidade galega que participe na votación deberá acreditarse ante a secretaria da correspondente urna de votación mediante o seu DNI, pasaporte ou documento oficial de identificación.

8.- Escrutinio.

O escrutinio de votos realizarase por áreas xeográficas, será público para quen participa no pleno e farase ao remate das votacións no espazo que designe a Comisión Electoral.

Nas papeletas nas que se elixa máis dunha candidata do mesmo país ou comunidade autónoma da área correspondente, só se terá en conta para ese país ou comunidade autónoma a elección da comunidade que apareza en primeira posición. Así mesmo, non se terán en conta as propostas de comunidades que non sexan da área xeográfica da votante.

Serán consideradas nulas aquelas papeletas distintas as oficiais ou as que teñan marcadas máis de catro comunidades. Tampouco se considerarán as que teñan calquera tipo de emendas ou borróns ou as que aparezan en branco.

9.- Proposta.

A Mesa Electoral, levantada a correspondente acta do escrutinio, dará traslado dos resultados á Comisión Electoral, que elaborará a proposta na que se designarán elixidas como titulares de cada área xeográfica as catro comunidades de distintos países ou comunidades autónomas máis votadas. No caso de que entre as catro candidatas máis votadas nunha área figurase máis dunha comunidade dun mesmo país ou comunidade autónoma, elixirase a seguinte máis votada que pertenza a outro país ou comunidade autónoma.



XIII PLENO DO CONSELLO DE COMUNIDADES GALEGAS

Ourense, 22 e 23 de setembro de 2023

Serán designadas como substitutas en cada área, as dúas comunidades máis votadas logo das catro que formen parte da proposta como titulares. Poderá ser considerada substituta, para o caso da substitución dunha titular, a comunidade do seu mesmo país ou comunidade autónoma que acadara máis votación que as doutros países ou comunidades autónomas. Nese caso, poderanse designar máis de dúas substitutas por área.

Se non se puidera realizar a proposta de electas por resultar empatadas en número de votos dúas ou máis comunidades, a prelación virá dada pola maior antigüidade de recoñecemento como comunidade galega. De persistir o empate desfarase mediante sorteo.

O presidente da Comisión Electoral trasladará ao presidente do Consello de Comunidades Galegas a acta coa proposta das comunidades elixidas en cada área xeográfica, así como das substitutas.

Corresponde ao presidente do Consello de Comunidades Galegas a proclamación e nomeamento das comunidades galegas representantes das asentadas nas súas áreas xeográficas na Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas.

10.- Normativa de aplicación.

- Lei 7/2013, do 13 de xuño, da Galeguidade.
 - Decreto 111/2015, do 6 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Consello de Comunidades Galegas.
 - Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
 - Para o non previsto na normativa anterior, Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
-